



INSTRUCCIÓN COMEDOR ESCOLAR 24-25

Informamos que xa están publicadas as instrucións da Secretaría Xeral Técnica sobre o funcionamento dos comedores escolares no curso 2024-2025. As familias do alumnado usuario deste servizo, deberán cubrir o anexo II (Modelo de autodeclaración) con todos os datos relativos á súa renda (2023), especificando no apartado A) do modelo a cifra do importe que corresponda, no apartado B) os membros da unidade familiar, no apartado C) a renda neta per cápita, e no apartado D) deberán marcar a casilla que corresponda.

Para facilitar o cálculo en función da renda neta per cápita da unidade familiar e do número de menores en idade escolar, a propia Consellería incorporou na súa web unha calculadora á que se pode acceder neste enlace

<https://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp>

Lembren que o servizo **será gratuito** nos seguintes casos:

- 1).-Alumnado pertencente a unidades familiares en situación socioeconómica de exclusión social **certificada** polos servizos sociais autonómicos ou municipais.
- 2).-Alumnado en situación de acollemento residencial ou familiar.
- 3).-Alumnado cun grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.
- 4).-Alumnado pertencente a unidades familiares vítimas de terrorismo ou violencia de xénero **acreditada documentalmente**.
- 5).-Alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita igual ou inferior a 7.000,00€.

Tramitación

- O Anexo II pode descargarse no seguinte enlace:

Anexo II. Modelo de autodeclaración e especificacións

Tamén se pode recoller no colexio desde o 20 de xuño ao 05 de xullo, de 10.00 a 13.00 h

- Entrega do anexo II:
Presencialmente na secretaría do centro desde o 20 de xuño ata o 5 de xullo (ambos os dous incluídos), de 10.00h a 13.00h

Por correo electrónico (ceip.freiluis.granada@edu.xunta.gal) desde o 08 de xullo ata o 1 de setembro de 2024.

Lembren que o prazo remata o día 1 de setembro de 2024.